en □Avaliación□) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo

primeiro.A copia ou o plaxio en calquera das

probas das avaliacións

continua ou única poderá motivar a solicitude de apertura dun expediente

sancionador, nas dúas edicións das actas. Alegar descoñecemento do que

supón plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade nese

aspecto.

Avaliación continua

Para superar a materia, será preciso entregar

coa regularidade requirida as prácticas de clase e obter unha nota mínima de **cinco** (sobre dez) enn todas as partes de

avaliación. De non acadar a

nota de cinco nalgunha destas formas de avaliación, non se realizará media.A non realización de probas ou exercicios

parciais previstos polo sistema de avaliación continua (*cf. supra* a

descrición en □Avaliación□) suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero)

puntos nesta.A data do exame de avaliación

continua coincidirá coa data do exame de avaliación única recollida no

calendario oficial da FFT.

Avaliación única

Para superar a materia, será preciso

superar cunha nota mínima de cinco (sobre 10) as dúas probas seguintes:-Traballo tutelado (50%), coas mesmas

características que o que se describiu máis arriba. Entregarase como moi tarde no día do exame oficial marcado do ca

lendario da FFT.-Exame

oral (50%). Duración mínima de 30 minutos e máxima de 60, que versa

sobre todos os contidos e textos de lectura obrigatoria da materia que

se disponibilizarán no inicio do cuadrimestre. Realizarase no día do

exame oficial marcado do calendario da FFT ou nun día alternativo

acordado co/a profesor/a.Deberase obter en ambos casos unha

cualificación mínima de 5 puntos (sobre 10) para poder efectuar media.A data do exame de avaliación única será establecido pola FFT e publicado no

seu calendario oficial.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios de avaliación

única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).O alumnado de avaliación continua que

non supere a materia na primeira convocatoria e teña que acudir á segunda edición

das actas terá que presentarse unicamente á parte que teña suspensa.En todo caso, recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás

titorías e a consulta dos materiais e informacións

específicas na plataforma MOOVI, mesmo que non se siga o sistema de avaliación

continua.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Oliveira, Ana Tereza Pinto, **Manual Compacto de Literatura Portuguesa**, Bicho Esperto,

Moisés, Massaud (dir.), **História da Literatura Brasileira (5 vols.)**, 4ª, Cultrix, 1997

Bibliografía Complementaria

Laranjeira, Pires, **Literaturas Africanas de Expressão Portuguesa**, Universidade Aberta, 1995

Recomendacións

Outros comentarios

As clases desta materia impartiranse en lingua portuguesa, podendo as/os estudantes responder en lingua portuguesa, galega ou castelá, segundo as súas preferencias. As exposicións orais realizaranse em lingua portuguesa. Os traballos escritos poden ser redactados en lingua portuguesa (preferentemente), galega, castelá, inglesa, francesa ou alemá. Con todo, recoméndase con toda a insistencia que a/o estudante dispoña dun coñecemento pasivo de lingua portuguesa suficiente (B1 como mínimo) para poder seguir unha exposición académica e, tamén, para ler e comprender textos literarios e ensaísticos neste idioma. Convén que o alumnado se habitúe ao longo do cuadrimestre a ler/oír/ver noticias en lingua portuguesa en medios de comunicación tanto portugueses, brasileiros como tamén africanos lusófonos. Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): O ensino de Literaturas e Culturas Lusófonas na UVigo diríxese a un alumnado que ten o galego e/ou castelán como lingua materna e que parte de coñecementos históricos e literarios destas culturas, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña como mínimo un nivel de B1 en lingua portuguesa matricularse nesta materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Literatura e cultura dun idioma estranxeiro: Literatura e cultura francesas				
Materia	Literatura e cultura dun idioma estranxeiro: Literatura e cultura francesas			
Código	V01G430V01220			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Salceda Rodríguez, Hermes			
Profesorado	Salceda Rodríguez, Hermes			
Correo-e	hermes.salceda@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese afinar a sensibilidade estética e as competencias de lectura e análise dos textos literarios en lingua francesa do estudantado. Recoméndase ter un nivel B1 do MCER.			

Competencias	
Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.

Resultados de aprendizaxe		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Adquirir o coñecemento básico dos principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura francesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais e das/os principais autoras/es que a protagonizan.	A1 A2 A4 A5	B1 B7 B10

Contidos	
Tema	
Síntesis da evolución das poéticas francesas no século XIX. O xerme das vangardas nas poéticas de finais do século XIX.	Textos de : Lamartine, Rimbaud, Mallarmé, Lautréamont. Compendio de extractos dos principais manifestos.
Dada: pensamento, accions, obras	Textos - Le Manifeste Dada de 1918 - Tristan Tzara : "Pour faire un poème Dadaïste" - Les collages - Marcel Duchamp, la non esthétique : Les ready made - Raymond Roussel : le Procédé des "Textes-genèse"

Os fundamentos estéticos do surrealismo e as súas concrecións literarias e plásticas.	□ O azar obxectivo □ O amor tolo: André Breton : L'Amour fou, Sade: La Philosophie dans le boudoir □ O humor negro □ A escritura automática : Les Champs magnétiques □ Salvador Dalí: o método paranoico-crítico: Saint-Sébastien Man Ray: Photos
O Obradoiro de Literatura Potencial, os seus fundamentos teóricos e concrecións literarias.	□ Les manifestes □ Raymond Roussel : Impressions d'Afrique, Locus Solus. □ Raymond Queneau: Exercices de style □Georges Perec : Les Choses, La Disparition, Quel petit vélo à guidon chromé au fond de la cour? □ Traducir a escrita trabada
As novas aventuras da textualidade	--- O cómic --- A textualidade hipermedia --- François Schuiten --- Philippe Bootz

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	26	53	79
Traballo tutelado	6	0	6
Seminario	3	12	15
Resolución de problemas	14	24	38
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Carácter teórico-práctico.
Traballo tutelado	Orientarase aos estudantes sobre os traballos a realizar.
Seminario	Orientación e resolución de dúbidas.
Resolución de problemas	O traballo basearase na lectura, interpretación e comentario de textos teóricos e de creación relativos os movementos literarios que se estudarán.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Orientarase aos estudantes sobre os traballos a realizar durante o curso.
Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	Orientarase aos estudantes sobre os traballos a realizar durante o curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Exame teórico/práctico (comentario de texto)	30	A2 A5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Un proyecto vídeo (30% da nota) e un traballo de iniciación á investigación de 2000 palabras a partir dunha das obras de lectura obrigatoria (40% da nota).	70	

Outros comentarios sobre a Avaliación

- **Primeira edición das actas**: Para acollerse ao sistema de **avaliación continua** descrito arriba é necesario entregar todos os traballos. Datas aproximadas de entrega dos traballos: final das sesions sobre o surrealismo, e final das sesions sobre o Oulipo. Data do exame final: no período de exames, na data establecida no calendario oficial da FFT.

Avaliación continua: a nota final resulta da media ponderada das cualificacións das distintas probas e traballos segundo as porcentaxes indicadas arriba (os traballos non entregados e o plaxio implican un 0),

Avaliación única: o exame para as/os estudantes que non seguen a avaliación continua ou suspenden valerá polo 100% de avaliación e terá lugar na data establecida no calendario oficial da FFT.

- **Segunda edición das actas**: As/os estudantes que non superen a materia na primeira edición das actas farán un segundo exame, sobre o conxunto da materia, na segunda edición de actas que valerá o 100% da avaliación, e terá lugar no período de exames na data establecida no calendario oficial da FFT.

-- Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

NOTA BENE

- A principio de curso indicaranse **dúas obras de lectura obrigada.**

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Bibliografía Complementaria
Foucault, Michel,, **Les mots et les choses**, Gallimard, 1966
Genette, Gérard, **Mimologiques**, Seuil, 1976
Jean-Marie Gleize, **La poésie. Textes critiques**, Larousse,
Henri Coulet, **Textes critiques sur le roman français**, Larousse,
TRISTAN TZARA, **Sept manifestes Dada**, Pauvert, 1963
BÉHAR, H. & CARASSOU, M.,, **Le surréalisme**, Le livre de poche, 1992
FREDÉRIC, PAUL,, **Guy de Cointet**, Flammarion, 2014
CARROUGES, Michel,, **Les machines célibataires**, Arcanes, 1954
Pierre-François Moreau, **Lectures de Michel Foucault 3**, ENS éditions, 2014
Favreau, Jean-François, **VERTIGE DE L'ÉCRITURE Michel Foucault et la littérature (1954-1970)**, ENS éditions, 2012
Breton, André, **Manifestes du surréalisme**, J.J. Pauvert, 1962
Oulipo, **La littérature potentielle**, Gallimard, 1980
Llaurent le Bon, **DADA. Catalogue de l'exposition**, Centre Georges Pompidou,, 2005
Sjef Houppermans, **Raymond Roussel 6 : Raymond Roussel et la psychanalyse**, Classiques Garnier. La Revue de lettres modernes, 2019
Patrick Besnier et Jean-Paul Goujon, **Raymond Roussel**, Robert Lafont. Bouquins, 2019
Jean Ricardou, **Le Nouveau Roman et autres écrits**, Les Impressiions Nouvelles, 2020
Jean Ricardou, **La révolution textuelle**, Les Impressions Nouvelles, 2020
Jean Ricardou, **Écrits 1971**, Les Impressions Nouvelles, 2019
Jean Ricardou, **Problèmes du Nouveau Roman et autres écrits 1967-1968**, 978-2-87449-645-5, Les Impressions Nouvelles,
Raoul Delemazure y alii, **Perec: l'oeuvre monde**, 979 10 27802 66 3, Castor Astral, 2021
Paula Klein, **Petites mémoires et écriture du quodien**, 978-2-406-10766-8, classiques garnier, 2021
Frédéric Forte, **Nous allons perdre deux minutes de lumière**, 9782818050491, POL, 2021
Jan Baetens, **Après Depuis**, 9782874498794, Les Impressions Nouvelles, 2021
Grangaud Michelle, **ÉTat civil**, 9782867445996, POL, 1998
Christian Bouqueret, **La Photographie surréaliste**, 9782742764754, Actes Sud, 2008
VV. AA., **claude Cahun et ses doubles**, 9782352892670, Nemo, 2015
Brassaï, **Paris Brassaï**, 9782081412231, Flammarion, 2017
Christian Bouqueret, **Raoul Ubac Photographie**, 9782914172097, Leo Scheeer, 2000
Clément Chéroux, **Jacques André Boiffard: l'esprit masqué du surréalisme**, 9782365110532, xavier Barral, 2014

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente
Segundo idioma estranxeiro V: Francés/V01G180V01604

Outros comentarios
Para poder seguir esta materia adecuadamente, recoméndase un nivel B1 na lingua francesa. Convén lembrar sempre que nas materias de literatura é importante mostrar curiosidade non só cara aos textos de lectura obrigatoria senón tamén cara ás producións artísticas relacionadas cos mesmos. Convén tamén insistir na importancia do traballo regular e a participación activa en clase. NOTA BENE : É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar

DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura e cultura dun idioma estranxeiro: Literatura e cultura alemás

Materia	Literatura e cultura dun idioma estranxeiro: Literatura e cultura alemás			
Código	V01G430V01221			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Cortes Gabaudan, Helena			
Profesorado	Cortes Gabaudan, Helena			
Correo-e	hcortes@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia permite unha introdución á literatura en lingua alemá e un afondamento e ampliación dos coñecementos da cultura e os aspectos sociopolíticos dos países xermanofalantes acadados durante os cursos previos de lingua alemá. Os obxetivos do curso son realizar unha historia da cultura alemá usando como base textos literarios relevantes de cada periodo cultural.			

Competencias

Código	
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.
C3	Coñecemento da evolución das formas, medios e xéneros da creación literaria nas literaturas do grao.
C4	Coñecemento da periodización e sistematización dos movementos literarios e capacidade para distinguir e clasificar as obras dentro deses períodos e movementos.
C12	Coñecemento e comprensión da historia dos países das linguas do grao que axude a entender as diferenzas culturais e enmárqueas na súa devir histórico.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Adquirir o coñecemento básico dos principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura alemá nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais e das/as principais autoras/autores que a protagonizan.	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B10	C3 C4 C12	D1

2. Desenvolvorver a capacidade de comentar e contextualizar obras e autoras/é seleccionados da literatura alemá nos seus diferentes ámbitos xeográficos.	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B10	C3 C4 C12	D1

Contidos	
Tema	
1.Das orixes da lingua alemá ata os primeiros textos escritos. 2. Mitoloxía germánica e épica medieval. O amor cortés. 3. Renacemento, Humanismo, Reforma e Barroco: o triunfo da morte. 4. A nova burguesía ilustrada: Lessing. 5. O cambio de mentalidade en 1800: desde o 'Sturm und Drang' ao Romanticismo pasando polo Clasicismo. 6. A segunda metade do XIX: posromanticismo, movementos revolucionarios e correntes burguesas. Biedermeier, Realismo (Fontane, Hauptmann) e Naturalismo. 7. A nova literatura vangardista e existencial: Kafka. 8. O período de entreguerras. Thomas Mann 9. A literatura de postguerra e da RDA. Literatura dos outros países de lingua alemá. Max Frisch. 10. Monográfico de poesía alemá.	1. Fragmentos escollidos. 2. LECTURA: "O Cantar dos Nibelungos" (anónimo). 3. Fragmentos. Lutero. 4. LECTURA: "Natán o sabio" (Lessing). 5. LECTURA: "As penas do mozo Werther" (Goethe). 6. Fragmentos escollidos de Fontane e Hauptmann. 7. LECTURA: "A Metamorfose" (Kafka). 8. LECTURA: "A morte en Venecia" (Thomas Mann). 9. LECTURA: "Homo Faber" (Max Frisch). 10. Fragmentos escollidos de poesía: Hölderlin, Rilke, Celan.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	48	90	138
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento desta dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas.
Seminario	Práctica de lectura, análisis e comentario das obras literarias do programa. A partir da lectura comentada se desenvolverán, tanto aspectos literarios, como os aspectos históricos e culturais. A literatura servirá como base para facer una historia da cultura alemá.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	Esixirase a participación activa nas clases comentando e debatendo os libros de lectura obrigatoria marcados no programa. Os devanditos libros deberán lerse con anterioridade para poder logo comentarlos na clase, guiados pola profesora da materia.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Avaliación continua da participación activa nas clases; debate e comentario das lecturas obrigatorias, así como entrega e exposición de traballos.	30	

Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame final relativo os contidos vistos nas lecturas feitas polo alumnado pola sua conta e logo analizadas e debatidas na aula coa profesora.	70	A2 A3 A4 A5	B2 B5 B6 B7 B8 B10

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

A avaliación e cualificación do traballo do alumnado se levará a cabo cun procedemento de **avaliación continua con exame final,** de acordo coas porcentaxes descritas máis arriba. A avaliación continua comprende a participación activa nas clases, a lectura obrigatoria dos libros indicados no programa e o seu comentario nas clases para demostrar a súa lectura razoada, asi como a realización de traballos. Ademais, nas datas oficiais marcadas no calendario publicado polo Decanato da FFT, haberá un exame final escrito da materia. O contido do devandito exame terá que ver coas lecturas feitas na aula. O exame acadará un valor do 70% da nota final.

Os/As estudantes que suspendan na avaliación continua deberán examinarse de toda a materia na segunda edición de actas indicada máis abaixo.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla a **avaliación única** deberá realizar tanto o exame escrito final sobre os contidos da materia , como tamén un traballo escrito adicional; o tema do traballo será acordado coa profesora responsable da materia. A data do exame escrito será a publicada no calendario oficial de exames do Decanato da FFT. A data límite de entrega do traballo escrito coincidirá tamén con esa data. A nota da materia resultará da nota media entre a cualificación obtida polo traballo escrito e a cualificación no exame, sendo preciso acadar un 5 como nota media entre ambas.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):
Exame escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación. O exame terá lugar na data establecida no calendario oficial de exames publicado polo Decanato da FFT.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Anónimo, **El Cantar de los Nibelungos**, Edición de E. Lorenzo Criado, Cátedra, 2005

G.E. Lessing, **Natán el Sabio**, Ed. de Agustín Andreu, Anthropos, 2008

J. W. Goethe, **Las Desventuras del joven Werther**, Ed. de Manuel José González, Cátedra, 2005

F. Kafka, **La Metamorfosis**, Ed. de Ángeles Camargo, Cátedra, 2001

Thomas Mann, **La Muerte en Venecia**, Ed. de Juan del Solar, Edhasa, 1971

Max Frisch, **Homo Faber**, Ed. de Margarita Fontseré, Seix Barral, 2011

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo idioma estranxeiro V: Alemán/V01G180V01605

Outros comentarios

Recoméndase ter, polo menos, un nivel básico de lingua alemá para cursar esta materia.

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba.

O alumnado debe consultar à plataforma MOOVI para seguir ó desenvolvemento do curso.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

A avaliación terá en conta non só pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística: ortografía, estilo, redacción.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tecnoloxías da linguaxe				
Materia	Tecnoloxías da linguaxe			
Código	V01G430V01222			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Cabeza Pereiro, María del Carmen García-Miguel Gallego, José María Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado na comprensión das técnicas utilizadas no procesamento informático da linguaxe, e no uso das ferramentas que as tecnoloxías lingüísticas proporcionan para a investigación e a docencia de linguas, con especial atención aos recursos dispoñíbeis para as linguas impartidas no Grao.			

Competencias	
Código	
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.
C11	Capacidade para avaliar e habilidade para empregar ferramentas e recursos dixitais e presenciais para a procura e xestión de información no ámbito das linguas ou as literaturas do grao.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Adquirir unha visión xeral dos recursos, ferramentas e aplicacións dispoñíbeis no ámbito das tecnoloxías lingüísticas. - Adquirir os coñecementos imprescindíbeis para analizar, desenvolver, avaliar criticamente e explotar con aproveitamento estas tecnoloxías. - Desenvolver hábitos de manexo das Tecnoloxías da Linguaxe na investigación lingüística e filolóxica, e na didáctica da lingua. - Adquirir un método sistemático de análise e crítica dos recursos, ferramentas e aplicacións das tecnoloxías da lingua.	A3 B3 C7 D3 A4 B9 C11

Contidos
Tema
1. As linguas na sociedade da información
2. Tecnoloxías e uso da linguaxe
3. Asistencia á escritura
4. Dicionarios electrónicos
5. Tradución automática
6. Corpus lingüísticos
7. Informática, ensino e aprendizaxe de linguas
8. Procesamento da linguaxe falada

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1

Lección maxistral	25	40	65
Resolución de problemas	22	28	50
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	30	34

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia
Lección maxistral	Exposición, por parte do profesorado da materia, dos contidos obxecto de estudo ou das actividades que ten que desenvolver o alumnado
Resolución de problemas	Formúlanse exercicios relacionados coa materia e o estudantado debe resolvelos aplicando os coñecementos asimilados nas clases de exposición da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios sobre os contidos da materia.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Avaliación dos exercicios prácticos e problemas realizados en clase sobre os contidos da materia.	40	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas parciais correspondentes cos contidos impartidos da materia. O alumnado responderá por escrito, de xeito conciso e razoado, as cuestións que se lle expoñan nos exames.	60	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

1.1. Avaliación continua

Na avaliación continua, a nota final calcularase a partir da media das notas obtidas nos exames de preguntas de desenvolvemento e na resolución dos problemas propostos durante todo o curso.

O alumnado que non consiga superar a materia nesta primeira edición das actas, será avaliado na segunda edición das actas mediante un exame único baseado en todos os contidos da materia.

Todas as probas cualificaranse tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística e o seu rigor académico.

1.2. Avaliación única

Excepcionalmente, haberá unha modalidade de **avaliación única** na primeira edición de actas, só para aquelas/es estudantes que por motivos xustificados non poidan facer un seguimento regular da materia. Neste caso, a/o alumna/o deberá comunicarllo ao profesor argumentadamente ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase). O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non se poderá acoller en ningún caso á modalidade de avaliación única.

A avaliación constará dun exame global baseado nos contidos da materia e cuxa nota constituirá o 100 % da cualificación final. A nota mínima para aprobar este exame será de 5. Este exame terá lugar despois do período de docencia, na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Moovi.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Tanto na avaliación única coma na continua, na **segunda edición de actas (xuño-xullo)** a avaliación levarase a cabo mediante un **exame único**, baseado en todos os contidos da materia e cuxa nota constituirá o 100 % da cualificación final.

A nota mínima para aprobar este exame será de 5. Este exame terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Baker, Paul (ed.), **Contemporary Corpus Linguistics**, Continuum, 2009

Lavid López, Julia, **Lenguaje y nuevas tecnologías**, Cátedra, 2005

Martí, Maria Antònia (ed.), **Tecnologías del lenguaje**, Editorial UOC, 2003

Mitkov, Ruslan, **The Oxford Handbookk of Computational Linguistics**, Oxford UP, 2022

Molina Majía, Jorge Mauricio, **Lingüística computacional y de corpus**, Universidad de Antioquía, 2021

Parodi, Giovanni; Cantos-Gómez, Pascual e Howe, Chad, **Lingüística de corpus en español**, Routledge, 2022

Rojo, Guillermo, **Introducción a la lingüística de corpus en español**, Routledge, 2021

Oliver, Antoni, **Herramientas tecnológicas para traductores**, Editorial UOC, 2016

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.

Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.

O alumnado deberá ter acceso a Moovi e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais por parte do profesor.

Recoméndase encarecidamente o uso dos recursos da biblioteca universitaria.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua española: Construción do discurso				
Materia	Lingua española: Construción do discurso			
Código	V01G430V01223			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rifón Sánchez, Antonio Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rifón Sánchez, Antonio			
Correo-e	susanarbarcia@gmail.com arifon@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Esta materia busca afondar nas diferenzas entre os diferentes tipos de discursos, comprender as estruturas e relacións discursivas e desenvolver destrezas de redacción e exposición de discursos académicos orais e escritos. Asimesmo, tamén ten como obxectivo achegarse á análise do sesgo ideolóxico a través da linguaxe e facilitar ferramentas para a elaboración e presentación de discursos.			

Competencias	
Código	
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B4	Capacidade de comunicación oral e escrita en español, galego e en outras dous linguas do ámbito europeo.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C6	Saber crear, editar e expoñer textos orais ou escritos de distintos tipos e variedades que satisfagan as necesidades do público ao que están destinados e poder asesorar lingüisticamente na súa redacción a non especialistas.
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.
C14	Capacidade para analizar, sintetizar e interpretar un texto en calquera formato con independencia da súa natureza lingüística ou literaria.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer as diferenzas entre os distintos tipos de discursos.	A3		C14	
Comprender as estruturas e as relacións discursivas.	A2	B4	C14	D1
Recoñecer e empregar as estruturas sintácticas, retóricas e discursivas na construción e corrección de discursos.	A2 A3	B3	C6 C7 C14	D1
Elaborar con pleno manexo dos recursos lingüísticos discursos orais e escritos.	A4	B4	C6 C7 C14	D1
Detectar erros, falacias e sesgos ideolóxicos nos discursos	A2 A3	B3 B4 B8	C14	D1
Empregar e xestionar ferramentas para a presentación dos discursos.	A4	B3 B4	C7	D1
Analizar diferentes aspectos do discurso mediante ferramentas dixitais	A3	B3 B8	C14	D1

Contidos	
Tema	
Tema 1. Tipoloxías discursivas	1.1. Modalidades discursivas. 1.2. Escritura académica e non académica.
Tema 2. Estruturas e relacións discursivas	2.1. Unidades discursivas. 2.2. Marcadores e conectores do discurso. 2.3. Estruturas sintácticas no discurso. 2.4. A textura discursiva e a organización da información. 2.5. Principais erros de redacción.
Tema 3. Estruturas retóricas e argumentativas	3.1. A retórica no discurso especializado. 3.2. A subxectividade no discurso.
Tema 4. Tratamento dixital do discurso	4.1. A maquetación dos textos académicos. 4.2. A elaboración de resumos. 4.3. Ferramentas para a análise dixital de textos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Debate	6	24	30
Lección maxistral	48	30	78
Resolución de problemas	20	39	59
Traballo	0	24	24
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	30	32
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Ao inicio do curso realizarase un pequeno cuestionario de intereses e expectativas para coñecer o perfil do alumnado. Ademais, na primeira sesión presentarase a guía docente.
Debate	No cuadrimestre realizaranse tres debates a partir de tres lecturas seleccionadas pola docente. O alumnado debe realizar un resumo, unha pequena valoración crítica e formular cinco preguntas para o debate.
Lección maxistral	Trátase de exposicións por parte da docente onde se abordan os contidos da materia. Combínase a exposición teórica coa realización de prácticas.
Resolución de problemas	Na aula proporanse actividades prácticas e discusións teóricas en relación con diversos puntos da materia nas que debe participar todo o alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Debate	Os debates realízanse a partir de lecturas científicas seleccionadas pola persoa docente, que queda a disposición do alumnado para solucionar dúbidas tanto a través do correo electrónico como das titorías.
Resolución de problemas	Os problemas, discusións teóricas e realización de diversas actividades que se propoñan na aula contarán coa orientación do profesorado.
Probas	**Descrición**
Traballo	Co fin de avaliar a destreza na construción dun discurso académico, a persoa docente proporá a realización dun traballo sobre un tema relacionado coa materia. Para levalo a cabo o alumnado contará co asesoramento e guía do profesorado da materia.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Debate	Trátase de tres debates realizados a partir de tres lecturas seleccionadas pola docente. O alumnado debe realizar un resumo, unha pequena valoración crítica e formular cinco preguntas para cada debate (e subir ese documento a Moovi nos prazos indicados ao longo do curso).	30	A3	B8	C14	D1
Traballo	O alumnado debe realizar un traballo académico sobre un tema relacionado cos contidos da materia. As características de extensión, estrutura e prazo de entrega serán determinadas na aula e recollidas no apartado correspondente de Moovi.	30	A2 A4	B4	C6 C7	D1

Exame de preguntas de desenvolvemento	Ao final do cuadrimestre realizarase unha proba na que se desenvolvan algúns dos contidos da materia dende unha perspectiva teórica e práctica.	40	A2 A3	B3	C6 C14

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª EDICIÓN DE ACTAS (MAIO-XUÑO 2023)

Avaliación continua

É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido as probas marcadas na avaliación. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo non se avaliarán. A data de celebración do exame coincidirá co día fixado no Calendario de exames establecido pola facultade e publicado na web da FFT. A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso (debate, traballo e exame). Para superar a materia será necesario obter como mínimo un 4,75 (sobre 10) en total.

Avaliación única

Neste caso, a avaliación realízase mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final.
Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, na data fixada no Calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade e publicado na web da FFT. A data desta proba coincidirá na primeira edición das actas coa data na que se realizará o exame para os discentes que opten pola avaliación continua.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Recoméndase ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Moovi e que acorde titorías regulares coa docente.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo 2023)

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Os alumnos e alumnas que non acadasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas das probas de avaliación continua.
O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.
Tanto no exame coma no traballo escrito e no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Calsamiglia, Helena y Amparo Tusón, **Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso**, 978-8434405691, 3ª, Ariel, 2012

Real Academia Española, **Libro de estilo de la lengua española**, 978-84-670-5379-1, 1ª, Espasa, 2018

Bibliografía Complementaria

García Parejo, Isabel (coord.), **Escribir textos expositivos en el aula**, 9788499803678, 1ª, Graó, 2011

Montolío, Estrella, **Manual de escritura académica y profesional. Estrategias discursivas (vol. II)**, 9788434418677, 1ª, Ariel, 2014

RAE y ASALE, **Nueva gramática de la lengua española**, 9788467032079, 1ª, Espasa, 2009

Recomendacións